

ACTIVIDADE
GRATUÍTA



O C.A.T. ITINERANTE

Demostracións prácticas de cestería tradicional en institucións sen ánimo de lucro que así o soliciten (atenderanse un total de 10 solicitudes por rigoroso orde de reserva).

O artesán cesteiro Rubén Berto Covelo desprazarase ata o centro onde impartirá unha clase teórico - práctica.

Datas: 3º trimestre (xullo – agosto – setembro).

Duración: 1 hora (duración aproximada).

Dirixido a: institucións previa solicitude.

Soporte didáctico: materiais relacionados coa cestería.

Monitor: Rubén Berto Covelo.

Información e reserva: 986244698

A Fundación Liste - Museo Etnográfico de Vigo xestiona durante o presente ano o Centro de Artesanía Tradicional (C.A.T.). Con este fin, desenvolve unha programación de actividades tendente a posta en valor da artesanía realizada na actualidade, coñecer as súas orixes así como as características máis relevantes de cada ámbito artesán: cestería, tecidos, olería, ...

Neste sentido xurde unha nova proposta que baixo o título “O C.A.T itinerante”, pretende achegar a artesanía tradicional aos usuarios de diversas institucións facilitando, deste xeito, o coñecemento do proxecto do centro antedito sen necesidade de desprazarse ata el.

Para isto, e dentro do amplo abano que supoñen as diversas artesanías, entendemos que a cestería tradicional constitúe a práctica máis adecuada para realizar esta aproximación debido ao vencello que ten coa nosa cidade do que queda como herdanza o nome da Rúa Cesteiros, en pleno barrio histórico.

O artesán cesteiro Rubén Berto Covelo, con ampla experiencia no desenvolvemento de accións formativas e divulgativas no eido da cestería, será quen se desprace ata o centro que así o solicite, onde impartirá unha sesión teórico-práctica cunha duración aproximada de 60 minutos. Tamén se exhibirán diversas pezas de cestería tradicional realizadas en varios materiais: vimbio, madeira rachada, colmo, ...

Agardamos que esta nova iniciativa sexa do seu interese e lembramos que poden poñerse en contacto con nós a través do teléfono **986244698** onde atenderemos calquera dúbida e poderán formalizar as súas solicitudes.

Saúdos cordiais.